

<http://www.abc.es/20091014/galicia-galicia/festival-cine-ourense-entrega-20091014.html>

ISABEL BUGALLO | OURENSE

O Auditorio de Ourense acolleu onte a entrega de premios do I Certame de Cine Escolar Ouff Escola, enmarcado na programación do Festival Internacional de Cine de Ourense, coa colaboración da secretaría xeral de Política Lingüística e a Axencia Galega do Audiovisual.

Na primeira edición de Ouff Escola participaron 39 traballos de nenos e nenas de Educación Infantil, Primaria e Secundaria de toda Galicia. No apartado para Infantil e Primaria, o concurso recibiu vinte traballos; no de Secundaria, dezanove, dos que foron premiados oito, ós que o xurado salientou pola súa «creatividade».

Os oito premios do certame repartíronse entre o IES Lagoa de Antela de Xinzo de Limia, coa mención especial Xose Luis Darriba «polo emprego da arte da imaxe como ferramenta Pedagóxica»: a Escola de ensino infantil de A Gándara (A Guarda, Pontevedra), terceiro premio de Infantil-Primaria); o I.E.S. Cacheiras da A Coruña, terceiro premio de Educación Secundaria); o C.P.I. Xanceda da Coruña (segundo premio de Infantil); o C.P.I. Uxío Novoneira (Lugo), segundo premio de Secundaria; o C.E.I.P. Mestre Valverde (Mos, Pontevedra), primeiro premio de Infantil-Primaria; e o I.E.S. Alfoz (Valadouro, Lugo), co primeiro premio para Secundaria.

O premio Blanco Amor ao mellor guión de Infantil e Primaria recaeu no C.E.I.P. Pepe de Xan Baña (Santa Comba, A Coruña), por «A brigada ecolóxica»; en Secundaria, o gañador foi o I.E.S.

Leiadoura de Ribeira (A Coruña), por «O doador». Manuel González, representante da Axencia Galega do Audiovisual e membro do xurado, expresou a súa satisfacción por ter participado nesta primeira edición e expresouse convencido de que «hai que formar espectadores críticos e distintos que sepan apreciar e diferenciar o bó do malo no que chega ós seus ollos e os seus cerebros».

A concellería de Cultura do Concello de Ourense, Isabel Pérez, resaltou na entrega dos premios a calidade dos traballos, ao tempo que lembrou o obxectivo do certame, que «nace coa vontade de impulsar o idioma galego entre a mocidade a creatividade audiovisual e o traballo en equipo». A edil de Cultura salientou que «no ano en que Europa celebra a creatividade e innovación queremos fomentar a xeración do espírito crítico na escola e o uso das novas tecnoloxías».